

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL PARA A SÚA CONSTITUCIÓN E APROBACIÓN DOS CENSOS ELECTORAIS

Niveis educativos: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Formación Profesional Básica.

En Ourense, a 2 de novembro de 2021, sendo as 16:30 horas, previa convocatoria, reúnense na sala do profesorado do Colexio as persoas que, de seguido, se relacionan:

Director: Álvaro Cid Bragado.

Representante da Entidade Titular: María Jesús Domínguez Lameiras.

Representante titular de nais, pais e/ou titores legais de alumn@s: Beatriz Vázquez Albitos.

Representante titular de profesores: Sabela Pérez Rodríguez.

Representante titular de alumn@s: David López Villar.

Representante titular do Persoal de Administración e Servizos: María Teresa Rodríguez Calzada.

Coa finalidade de constituír a Xunta Electoral das Eleccións de Representantes ao Consello Escolar do Centro e aprobar os Censos Electorais.

Iniciada a reunión, o Director do Centro sinala se debe constituír a Xunta Electoral. Que como dita o artigo 7.1 da Orde do 28 de agosto de 1996 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados forman parte de dita Xunta o Director, que a preside; un representante da entidade titular; un representante do profesorado; un representante de nais/pais/titores/as legais do alumnado; un representante do alumnado e un representante do persoal de administración e servizos, os catro últimos elixidos por sorteo.

Acto seguido da lectura dos resultados do sorteo público para a determinación dos representantes dos sectores da Comunidade Educativa na Xunta Electoral (titulares e suplentes) celebrado o 26 de outubro de 2021.

Representante titular de nais, pais e/ou titores legais do alumnado:

Titular: González Iglesias, Alfonso

Suplente 1: Gabarris Jiménez, Ana

Suplente 2: Vázquez Albitos, Beatriz

Representante titular do profesorado:

Titular: Pérez Rodríguez, Sabela

Suplente 1: Obeso Iglesias, María Paz
Suplente 2: Covelo Saavedra, Andrea

Representante titular do alumnado:

Titular: López Villar, David 1º FP
Suplente 1: García López, Óscar 4º ESO
Suplente 2: Tiseyra Bermúdez, Kyara 3º ESO

Representante titular do Persoal de Administración e Servizos:

Titular: Rodríguez Calzada, María Teresa
Suplente 1: Barreiro Lorenzo, María Ángeles
Suplente 2: Obeso Iglesias, María de la Paz

Sinala a continuación que, de acordo Procedemento electoral, a pertenza á Xunta é incompatible coa presentación de candidatura para o Consello Escolar do Centro.

Por último expón que a pertenza á Xunta Electoral é irrenunciable, de acordo co citado Procedemento.

Continúa sinalando que, en principio, forman parte da Xunta Electoral, xunto ao Director e a representante da entidade Titular do Centro, os membros elixidos por sorteo como titulares, salvo que algún deles pretenda presentarse como candidato, en cuxo caso, pasaría a formar parte da Xunta o suplente. Do mesmo xeito, fai fincapé en que o representante de Nais/Pais/Titores/as legais de alumnado que ditaminou o sorteo como titular non está presente por ser imposible a súa localización ata estes intres, do mesmo xeito a suplente 1 non se presentou no intre de constituír esta Xunta Electoral, por dito motivo será a persoa suplente 2 a que represente a este sector na Xunta Electoral.

Segundo o sinalado, a Xunta Electoral queda constituída do seguinte xeito:

Presidente:

D. Álvaro Cid Bragado

Vogais:

Representante da Titularidade:

Dna. María Jesús Domínguez Lameiras

Representante titular de nais, pais e/ou titores legais de alumn@s:

Dna. Beatriz Vázquez Albitos

Representante titular do profesorado:

Dna. Sabela Pérez Rodríguez

Representante titular do alumnado:

D. David López Villar

Representante titular do Persoal de Administración e Servizos:

Dna. María Teresa Rodríguez Calzada

Acto seguido os reunidos acordan nomear Secretaria da Xunta Electoral a Dna. Sabela Pérez Rodríguez.

O Presidente propón os Censos Electorais de Nais, Pais e Titores/as legais; de Profesorado, o de Alumnado, o de Persoal de Educación Especial e o de Persoal de Administración e Servizos que, de acordo co disposto no Procedemento, deben ser aprobados pola Xunta Electoral.

Tras o seu exame, a Xunta Electoral, por unanimidade, aproba os Censos Electorais de Nais, Pais e Titores/as legais; de Profesorado, o de Alumnado, o de Persoal das Aulas de Educación Especial e o de Persoal de Administración e Servizos; ordenando a súa publicación na portaría do Centro (no taboleiro da entrada principal dispórase un aviso deste feito).

Finalmente, pásase a estudar a proposta de calendario electoral que é aprobada por unanimidade pola Xunta Electoral ordenando a súa publicación.

DATA	<u>ACTUACIÓN</u>
26 de outubro	<u>Sorteo público</u> ás 16:30 na biblioteca do Colexio, promovido polo Director, para a designación de <u>representantes</u> de nais/pais/titores/as legais de alumnado, profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos na <u>Xunta Electoral</u> .
2 de novembro	<u>Reunión constitutiva da Xunta Electoral</u> ás 16:30 horas na sala de profesores. <u>Publicación dos Censos Electorais</u> na portaría do Colexio. Establécense 10 días naturais para emendas no censo desde o día da publicación dos mesmos.

<p>3 ao 10 de novembro</p>	<p>Prazo de <u>presentación de candidaturas</u>.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Representantes de nais/pais/titores/as legais de alumnado. - Representantes de profesorado. - Representantes de alumnado. - Representantes de persoal de aulas de educación especial. - Representantes de persoas de administración e servizos. <p>Ata as 13:00 horas do último día.</p>
<p>10 de novembro</p>	<p>Reunión da Xunta Electoral para a <u>proclamación de candidaturas</u>, ás 13:15 horas.</p>
<p>12 ao 15 de novembro</p>	<p><u>Reclamacións contra a resolución de proclamacións de candidaturas</u>. A Xunta Electoral resolverá no seguinte día hábil.</p>
<p>16 de novembro</p>	<p><u>Publicación das candidaturas admitidas</u>.</p> <p><u>Sorteo</u> para a determinación de vogais e suplentes da <u>Mesa Electoral</u> de nais/pais/titores de alumnado e para a determinación de vogais da Mesa Electoral de alumnado ás 13:45 horas.</p>
<p>17 ao 21 de novembro</p>	<p><u>Campaña electoral</u>.</p>
<p>23 de novembro</p>	<p><u>Eleccións representantes de nais/pais/titores de alumnado</u> De 8:30 a 09:15, 13:45 a 14:15, 15:30 a 16:00 , 19:30 a 20:00 horas. (Constitución da mesa ás 8:15 horas)</p> <p><u>Eleccións representantes do profesorado</u> De 17:00 a 17:30 horas. (Constitución da mesa ás 16:30 horas)</p> <p><u>Eleccións representantes do persoal aulas ed. especial</u> De 18:15 a 18:45 horas. (Constitución da mesa ás 17:45 horas)</p> <p><u>Eleccións representantes de alumnado</u> De 11:00 a 11:30 horas. (Constitución da mesa ás 10:30 horas)</p> <p><u>Eleccións representantes do persoal de admon. e servizos</u> De 9:15 a 9:45 horas. (Constitución da mesa ás 9:00 horas)</p> <p>Redacción por parte das mesas das actas de escrutinio e remisión á Xunta Electoral.</p>
<p>24 de novembro</p>	<p>Reunión da <u>Xunta Electoral</u> para a <u>proclamación de candidatos electos</u> ás 9:15 horas.</p> <p><u>Envío á Xefatura Territorial das copias das actas de escrutinio</u> (Anexo I Resolución do 25/09/2018).</p> <p>Envío da <u>convocatoria para a constitución do Consello Escolar</u> a todos os membros.</p>



DIVINO MAESTRO
FUNDACIÓN EDUCATIVA

Rúa Madre Soledad de la Cruz,1
32001- OURENSE
+34 988 217 800
www.dimaourense.com
colexiodivino maestro@dimaourense.com

30 de novembro	<u>constitución do Consello Escolar</u> ás 19:30 horas.
Antes do 17 de decembro	<u>Remisión á Xefatura Territorial do Anexo II</u> da Resolución 20/09/2021.

Sendo as 17:30 horas o Presidente levanta a sesión, agradecendo a súa colaboración, a todos os membros convocados da Xunta Electoral.

De isto, como Secretaria dou fe co V. e pr. do Presidente.

Ourense, 2 de novembro de 2021

A secretaria da Xunta Electoral

Sabela Pérez Rodríguez



DIVINO MAESTRO
FUNDACIÓN EDUCATIVA

O presidente da Xunta Electoral

Alvaro Cid Bragado

